

PLAN DE CONTINXENCIA

CURSO 2020-2021



Fundación Educativa
Franciscanas Ana Mogas

CPR Plurilingüe Sagrado Corazón O Carballiño



Bilingüismo



Innovación



Pastoral



Confianza

PLAN DE CONTINXENCIA

O Plan de Continxencia do noso centro educativo ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro. Trátase dun plan adaptable e modificable en función da situación epidemiolóxica e das directrices marcadas pola consellería.

Son as autoridades sanitarias, en función do número de contaxios, quen poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade. As autoridades sanitarias, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial

O Ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado. Empregarase a aplicación Google Classroom para todas as etapas e as videoconferencias a través de Google Meet para establecer contacto cos alumnos. Todas as familias asinan a principio de curso a Política de uso de G-suite e obteñen usuario e contrasinal (familias novas). Cada titor proporciona aos alumnos as claves para acceder tamén á aplicación de Google Classroom ou matriculan directamente aos alumnos máis pequenos. Trataremos de traballar con esta plataforma durante todo o curso escolar para garantir que todas as familias estean familiarizadas coa plataforma e non teñan dificultades no seu manexo no caso en que o ensino sexa non presencial.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

No caso de confinamento, a **avaliación** será realizada do xeito que os docentes teñen reflectido nas programacións das súas materias.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o Centro Educativo ten previstas as seguintes medidas:

Previamente, as familias e os alumnos recibirán formación do emprego das aplicacións de Google Classroom, Alexia e Google Meet para garantir que o alumnado poida seguir con normalidade a ensinanza a través de medios telemáticos.

- En **Educación Infantil** as mestras empregarán a aplicación Google Classroom para ofrecer ao alumnado indicacións e orientacións de actividades sinxelas que as familias poden levar a cabo cos seus fillos en casa. Unha vez á semana contactarán coas familias e os alumnos a través de Google Meet para manter o contacto e para coñecer tanto a evolución do seu estado e situación como para continuar co proceso de ensinanza-aprendizaxe. As profesoras especialistas tamén crearán o seu Classroom e traballarán desde este.

- No **primeiro ciclo de Educación Primaria**: O ensino virtual, no caso de confinamento de todos os alumnos do grupo, seguirá os horarios indicados para 1º EP e 2º EP traballando da seguinte maneira:

A metodoloxía estará deseñada e orientada para a súa aplicación a través de Google Meet e do emprego do Classroom. Será unha metodoloxía activa e interactiva, integrando as TIC no proceso educativo, sen esquecer as dificultades individuais. Teranse en conta as necesidades específicas do alumnado e as diferenzas no acceso e manexo das tecnoloxías.

Durante as clases presenciais utilizaranse a aula virtual e o classroom para que o alumnado se vaia enfrontando a estas novas formas de ensino: acceso á aula virtual, apertura de contidos e entrega de traballos a través de classroom.

- Dende **3º de EP** ata o último curso de **Educación Secundaria** os alumnos terán clases de forma telemática a través da aplicación Google Meet, respectándose o horario normal do alumnado. Os mestres conectarán cos alumnos na súa hora impartindo a clase que corresponda en horario. Os alumnos terán os materiais necesarios e as tarefas que sexa preciso entregar na aplicación Google Classroom.

- Os profesores de apoio AL e PT deseñan actividades específicas para os alumnos con NEE.

- Os tutores/as manterán contacto telefónico, por videoconferencia ou mediante o Classroom coas familias para garantir a comunicación familia-escola e a continuidade do proceso educativo así como para interesarse pola saúde e situación de cada un dos alumnos e familias. En todo caso salvagardarase sempre a Lei de Protección de Datos.

- O profesor/a poderá poñer tarefa ao alumnado que reforce o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

- Os tutores/as informarán ao Equipo COVID do alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que se adopten as medidas oportunas que minimicen as dificultades destas familias ante a educación realizada telematicamente.

Calquera dúbida que calquera familia queira facer directamente ao centro (dirección, secretaría) pode trasladala mediante comunicado ou chamando ao Centro.

Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro, realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. Estas fases están baseadas nas instrucións do Plan de Adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021, versión de 22-07-2020, sen haber máis especificacións na actualización deste Plan no 31-08-2020. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

Fase 1 (Adecuación dos espazos).

Duración: determinada polas Autoridades Sanitarias.

Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, serán as Autoridades Sanitarias as que darán as instrucións de organización, revisión e adaptación das novas medidas e o equipo COVID do centro xunto co Equipo Directivo será o encargado de levalas a cabo no noso Colexio.

Obxectivos:

- Revisar o Plan de Adaptación á situación COVID do centro por se hai que facer algunha mellora e buscar posibles erros na redacción ou na execución.
- Revisión e reorganización, se fose necesario, dos recreos, comedor e dos movementos que se realizan polo centro (entradas e saídas, baixadas e subidas a Educación Física)
- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección das aulas necesarias previa á reincorporación do alumnado.

Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: determinada polas Autoridades Sanitarias.

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será establecida polas Autoridades Sanitarias e Educativas.

Obxectivos:

- Reforzar a concienciación do alumnado sobre as medidas de hixiene, distanciamento e prevención, tanto co alumnado presencial como co alumnado que aínda permaneza en casa.
- Informar a todos os alumnos (presenciais e en casa) das novas medidas que as Autoridades Sanitarias establezan para o noso centro.
- Extremar e vixiar todos os desprazamentos dentro do colechio, para comprobar que as

novas medidas son acertadas e que se cumpran.

-Combinar o ensino presencial e a distancia sempre que sexa posible.

Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: a duración e porcentaxe dos alumnos no centro, será indicada polas Autoridades Sanitarias.

Obxectivos:

-Establecer medidas especiais de limpeza e desinfección cos alumnos na aula.

-Organización do traballo dos alumnos da aula e do traballo cos alumnos que aínda non están de forma presencial.

Fase 4 (Fase de Reactivación)

Duración: será marcada polas Autoridades sanitarias. Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado.

Obxectivos:

-Recordar e traballar en tódolos cursos as normas de hixiene e prevención da COVID 19.

-Reforzar a vixilancia nas entradas e saídas, corredores e escaleiras e se atopan deficiencias, comunicarlhas ao Equipo COVID.

-Realizar unha avaliación do desenvolvemento das fases.

-Volver á dinámica das Clases Presenciais de todo o alumnado pero sen abandonar o emprego da aula virtual para as tarefas e para complementar as aprendizaxes na casa.

ANEXO I: Plan de continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19.

O Plan de Ensino Virtual ante a Covid-19 proporcionará un sistema regrado e estable de docencia virtual que ofrezca ao noso alumnado unhas rutinas similares ás do ensino presencial garantindo:

- A interacción entre alumnado e profesor.
 - A realización de tarefas.
 - A avaliación do progreso.
- As aulas virtuais utilizaranse en todos os niveis educativos do noso centro. O titor ou titora de cada alumno informará aos pais, nais ou titores legais do alumnado das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos e das súas consecuencias no proceso de avaliación. Tamén lles proporcionará, de xeito telemático, información sobre o uso dos medios de comunicación telemática, así como da aula virtual.
 - O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da aula virtual (vía Meet) e do Classroom de cada materia.
 - O profesorado e o alumnado do grupo deberán conectarse á hora que se establece no cadro horario. O momento da conexión debe establecerse coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo.
 - As **normas establecidas** polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe son as seguintes:
 - 1.- DESENVOLVEMENTO DAS VIDEOCONFERENCIAS
As videoconferencias realizaranse a través da aplicación “Meet”, de Google Suite.
O profesor avisará ao seu alumnado con suficiente antelación do día e hora da videoconferencia. Os alumnos que teñan algún problema técnico, de conectividade, etc., faranllo saber ao profesor con tempo para intentar solventalos ou buscar alternativas.
 - 2.- PRESENTACIÓN PERSOAL
Os participantes na videoconferencia deberán ter a imaxe e o audio do dispositivo activados, agás nos momentos puntuais en que o profesor solicite a súa desactivación.
Respectaranse en todo momento as normas de decoro recollidas no plan de convivencia e no RRI do centro, no tocante á hixiene, vestimenta, etc.
 - 3.-ESPAZO
O alumnado buscará un lugar de referencia para realizar as videoconferencias, procurando evitar interferencias que impidan o correcto desenvolvemento da clase.
 - 4.- COMPORTAMENTO
O comportamento dos participantes deberá axustarse ás normas de convivencia do centro: respecto ao profesor e os compañeiros, uso da quenda de palabra, vocabulario apropiado, etc.

5.- INTIMIDADE, IMAXE E HONOR DO DOCENTE

Prohíbese a gravación e uso posterior das videoconferencias por parte do alumnado, respectando deste xeito o dereito á intimidade, imaxe e honor do docente.

6.- ABSENTISMO

Establecerase diariamente o control de asistencia a través da plataforma Alexia. As ausencias do alumnado deberán ser xustificadas polas familias xa que a asistencia a clase é obrigatoria. A non asistencia reiterada poderá resultar na apertura dun expediente de absentismo.

- O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles. Igualmente o profesor poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma. Debemos ter en conta que as tarefas para o alumnado se asemellen o máis posible ao sistema presencial, respectando así o seu dereito ao lecer e ao descanso.
- Semanalmente enviaráselle ao xefe de estudos un documento co seguimento das actividades que se realizaron co alumnado no horario establecido.
- Tamén se realizará una sesión de titoría para o alumnado e outra para as familias.
- O orientador do centro, no seu horario establecido:
 - velará polo cumprimento do Plan de Atención á Diversidade.
 - coordinará a atención ao alumnado con NEE.
 - realizará as reunións necesarias para o desenvolvemento e seguimento do PAT.
 - atenderá a demanda aos titores ou ás familias.
- Para garantir a continuidade do proceso educativo, e para que sexa o máis efectivo posible, o noso centro establece unha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado que reflicte o establecido no modo presencial para manter o vínculo co alumnado, realizando deste xeito o nomeado “horario espello”:



HORARIOS
CONFINAMIENTO